


5. Masher e a elaboración de leccións completas

En Hot Potatoes pódense utilizar os exercicios de forma independente, mais tamén temos a posibilidade de ordenalos en forma de leccións con índice propio que a miúdo resulta unha estrutura moito mais amigable e manexable.

Abrimos Masher (Encontramos a icona a dereita dos outros programas de Hot Potatoes) e preséntasenos a seguinte páxina:




Para comezar, só traballamos cos tres botóns que están marcados. Ao abrir o programa, estamos directamente no primeiro botón. Aquí podemos introducir co botón no cadro verde os exercicios que queremos que formen parte da lección.

Ao subir os exercicios, o programa preguntanos se queremos a versión standard, draw and drop ou flashcards. Co botón no cadro vermello podemos eliminalos exercicios marcados previamente.

Ao final prememos o botón abaixo no centro e o programa tardará algún tempo para elaborar os HTML de todos os exercicios. É moi importante que todos os exercicios que queremos que formen parte de dita lección estean ubicados no mesmo cartafol e que todo o material suplementario como gravacións de audio ou imaxes estean tamén no mesmo cartafol. É moi

útil aceptar a proposta do programa e ver como quedou a lección, porque acostuman haber aínda moitas faltas que temos que corrixir.

Agora podemos mellorar a presentación da lección. Para ésto pretendemos o botón dous indicado na imaxe encrostanda.



No medio do cadro podemos cambiar a letra que utilizan as leccións e abaixo os cores das letras, do fondo das páxinas, do título, dos enlaces que figuran no exercicio etc. Tamén podemos elixir unha imaxe como fondo do exercicio. Recoméndase que sexa unha imaxe de cores claros e pálidos sen moito contraste. A imaxe pode ser unha imaxe de internet – en tal caso introducímola URL na liña marcada co cadro verde. Se utilizamos unha imaxe que está na nosa computadora, ten que estar no mesmo cartafol e só introducimos o nome do arquivo no cadro verde.

Finalmente, cliqueamos o botón 3 “index” e introducímolo nome do exercicio. Volvemos ao botón 1 e prememos o botón abaixo para que o programa elabore a lección. Se nos gusta o resultado, creamos un arquivo ZIP para enviar a unidade por mail ou transportala nunha memoria USB ou eliximo-lo formato SCORM para subilo a Moodle onde os alumnos poden abri-lo e traballar en liña.

